

INSTRUCCIÓN SOBRE INSCRICIÓN DE UNIDADES DE CONVIVENCIA NO REXISTRO DE DEMANDANTES DE GALICIA PARA AS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia remitiu ao desenvolvemento regulamentario o establecemento dos requisitos para o acceso ás vivendas de promoción pública (VPP) e non definiu que deba de considerarse por unidade familiar ou de convivencia.

A aprobación do Proxecto de Regulamento de desenvolvemento da dita lei, que pretendía fixar a súa definición foise demorando no tempo, polo que actualmente hai que seguir acudindo ao establecido no Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, no seu artigo 3:

"1. Para os efectos deste decreto entenderase por unidade familiar ou de convivencia:

a) A formada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber, polos seus descendentes e ascendentes que convivan con eles.

b) As parellas de feito recollidas na Lei de dereito civil de Galicia.

c) Nos casos de separación legal, viuvez e familia monoparental, a formada polos respectivos titulares das ditas unións familiares ou de convivencia e, se os houber, polos seus descendentes e ascendentes que convivan con eles.

d) As persoas maiores de idade ou menores emancipadas integradas nunha unidade familiar ou de convivencia que manifesten o seu desexo de se independizar e acrediten capacidade económica propia nos termos exixidos por este decreto.

2. Non terán a condición de membros da unidade familiar ou de convivencia as persoas que figuren como titulares ou membros doutras unidades que formulen solicitude separada no mesmo procedemento."

A Instrucción 5/2010 da dirección xeral do IGVS do Rexistro de Demandantes estableceu daquela a equiparación do concepto de unidade familiar para VPP e VPA aos efectos de unificar o criterio para as solicitudes de inscrición, e se remitía a efectos da consideración da unidade familiar ao recollido ao respecto na Instrucción 4/2010:

"para o acceso ás vivendas de promoción pública e privada,..., tomarase como unidade familiar a definida no artigo 49 da Lei 18/2008, de vivenda de Galicia, se ben se fai constar o seguinte: No apartado a) non será necesaria a constatación da dependencia económica e no apartado d) entenderanse incluídas por un lado as persoas maiores de idade e por outro, os menores emancipados que manifesten o seu desexo de se emancipar"

Co que quedaba aclarada a dúbida que puidera xurdir na interpretación do disposto no apartado d) de dita norma, de igual redacción que a do apartado d) do antes citado





decreto 253/2007.

Pero ao non existir unha definición expresa de unidade familiar e convivencial recollida na vixente Lei, seguen a xurdir dúbidas nas unidades tramitadoras, que é preciso aclarar.

O último Plan estatal de Vivenda (2013-2016) que entrou a definir a unidade de convivencia, entendía por tal *o conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente, con vocación de estabilidade e con independencia da relación existente entre elas.*

Así, unha unidade de convivencia pode estar formada por máis dunha unidade familiar ou incluso por persoas sen vínculo de parentesco, matrimonial ou de parella de feito entre elas.

Hay que ter en conta ademais:

- que tanto o artigo 3 do decreto 253/2007 como o 10 do Decreto 1/2010 refírense, en todo caso a unidades familiares ou de convivencia , independentemente de que estean compostas por 1 ou varias persoas.
- a referencia que se fai no decreto 253/2007 a Lei de dereito Civil de Galicia tiña en conta a anterior definición que esta facía das parellas de feito, que non exixía a súa inscrición no Rexistro de parellas de Feito de Galicia.
- que non se pode limitar o acceso ao Rexistro como demandantes de vivenda pública máis aló do establecido expresamente na norma.

En consecuencia, **as unidades tramitadoras deste organismo deberán permitir a inscrición no Rexistro de Demandantes de vivenda de Galicia de calquera unidade de convivencia con independencia da relación existente entre os seus membros, e sen necesidade de acreditar que os/as solicitantes estean unidos por vínculo matrimonial ou de parella de feito inscrita no pertinente rexistro oficial ou calquera outro vínculo.**

Este criterio é perfectamente congruente coa redacción do artigo 10 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia.

Santiago de Compostela
Heriberto García Porto
Director xeral do IGVS

